

# Concurso *Balbino* de relatos

## 7<sup>a</sup> edición 2022

O Concurso Balbino de Relatos nace coa idea de promocionar a nosa literatura así como ás persoas que gustan da escrita na nosa lingua.

O certame Balbino, pretende ser un estímulo para todas as persoas que queiran participar na promoción e difusión de Galicia e da nosa cultura, contando cunha periodicidade anual e unha temática sempre vinculada coas nosas tradicións, coa nosa xente, cos nosos costumes, co noso xeito de vida, coas nosas raíces...

Este concurso promovido pola empresa Técnicas & Gramaxe, SL e Ediciones Fervenza, conta coa conformidade da Fundación Xosé Neira Vilas e a colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a Deputación de Pontevedra e os Concellos de Boqueixón, Silleda e Vila de Cruces.

### **BASES**

**1.- O Concurso Balbino de Relatos** está aberto a todas as persoas de calquera nacionalidade e idade que presenten os seus traballos escritos en lingua galega e que terán como motivación temática o rural, o mar e a emigración. O relato ou serie de relatos con estas temáticas poden ser reais ou ficción.

**2.- Os textos serán orixinais**, inéditos e de autoría propia.

**3.- Os textos terán unha extensión** mínima de 100.000 caracteres con espazos e máxima de 200.000.

**4.- Xeitos de envío dos orixinais:**

- **Envío por correo postal:** presentaranse cinco copias dos orixinais en papel DIN A/4 e debidamente encadernadas. O texto levará un título e estará asinado cun lema. En sobre aparte e pechado levarán tamén por fóra o lema e título, dentro figurará o nome, apelidos, copia vixente do DNI, enderezo residencial, enderezo electrónico e teléfono do autor ou autora.

- **Envío por correo electrónico:** os que elixan esta opción deberán enviar o texto nun arquivo en formato .pdf e deberán evitar que o correo electrónico se identifique coa persoa. Tamén será imprescindible que envíen por correo ordinario e en sobre pechado os datos persoais.

En calquera modo de envío non levará ningún dato que identifique ao autor/a e deberá indicarse claramente que é para participar no Concurso Balbino de Relatos.

**5.- O texto será enviado ao seguinte endereço:**

Técnicas & Gramaxe, SL rúa Santa Olaia, 18 - 36540 Silleda, Pontevedra ou ao enderezo electrónico concursobalbino@gmail.com

**6.- As persoas gañadoras** do concurso en convocatorias anteriores poderán volver a presentarse pasados 10 anos do seu premio.

**7.- O xurado** estará composto por cinco persoas de recoñecido prestixio do mundo da literatura e da cultura galega.

**8.- Establécese un único premio de 1.500 euros**, que estará suxeito ás obligas tributarias correspondentes.

**9.- A obra premiada** será publicada por Ediciones Fervenza.

**10.- Técnicas & Gramaxe, SL e Ediciones Fervenza**, resérvanse os dereitos de edición sobre o texto premiado en todas as linguas, sen límite de exemplares publicados nin edicións.

**11.- Os traballos que non resultasen premiados** poderán ser recollidos polos respectivos autores mediante unha solicitude por escrito, nun período de dous meses despois de fallado o premio, e poderán ser utilizados para calquera fin do autor ou autora.

**12.- A data de presentación** dos traballos remata o xoves 30 de xuño de 2022.

**13.- A entrega do premio** realizarase durante o último trimestre do ano 2022.

**14.- A participación** no Concurso Balbino supón a aceptación destas bases.

Concurso *Balbino* de relatos

Técnicas & Gramaxe, SL • Ediciones Fervenza • Rúa Santa Olaia, 18 - 36540 Silleda - Pontevedra • concursobalbino@gmail.com • www.concursobalbino.com

